

Máster en necesidades específicas de apoyo educativo (MUNEAE)

O Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo supón unha vía de especialización e de profesionalización para os titulados e tituladas superiores que pretenden dedicarse ao amplo campo da atención ás necesidades educativas específicas. A formación ofrecida permite ampliar e profundar coñecementos, estratexias e actitudes no campo da educación e do deporte xa que, sen renunciar aos compoñentes teórico-conceptuais, a formación céntrase fundamentalmente nos aspectos tecnolóxico-instrumentais e técnico-prácticos.


Segundo os criterios fixados pola Comisión autonómica de habilitacións de Galicia, o título oficial de Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo habilita para impartir docencia na especialidade de Pedagogía Terapéutica nos centros privados aos posuidores/as dos títulos de Grao en Educación Primaria, Mestre/a, Diplomado/a en EXB ou Mestre/a de primeira ensinanza sen mención ou especialidade

Datos básicos da titulación

Un ano/69 ECTS
35 prazas

Para máis información

+34 986 801 700
fcced.uvigo.es



UniversidadeVigo

Facultade de Ciencias da
Educación e do Deporte

Campus de
Pontevedra
36005

+34 986 801 700
fcced.uvigo.es



UniversidadeVigo

Facultade de Ciencias da
Educación e do Deporte

Máster en necesidades específicas de apoio educativo (MUNEAE)

O Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo supón unha vía de especialización e de profesionalización para os titulados e tituladas superiores que pretenden dedicarse ao amplo campo da atención ás necesidades educativas específicas. A formación ofrecida permite ampliar e profundar coñecementos, estratexias e actitudes no campo da educación e do deporte xa que, sen renunciar aos compoñentes teórico-conceptuais, a formación céntrase fundamentalmente nos aspectos tecnolóxico-instrumentais e técnico-prácticos.

Segundo os criterios fixados pola Comisión autonómica de habilitacións de Galicia, o título oficial de Mestrado en necesidades específicas de apoio educativo habilita para impartir docencia na especialidade de Pedagogía Terapéutica nos centros privados aos posuídores/as dos títulos de Grao en Educación Primaria, Mestre/a, Diplomado/a en EXB ou Mestre/a de primeira ensinanza sen mención ou especialidade.

Profesorado

O cadro docente do mestrado está formado por profesorado e persoal investigador universitario especialista na área da educación especial e da atención a diversidade e por profesionais cunha recoñecida traxectoria en distintos ámbitos das necesidades de apoio educativo.

Perfil de ingreso recomendado

Para acceder ao mestrado recoméndase o seguinte perfil de ingreso:

- Diplomada/o, licenciada/o ou graduada/o nunha titulación do ámbito da educación ou experiencia profesional no ámbito educativo
- Competencias previas relacionadas co ámbito do coñecemento da psicoloxía e da educación
- Interese polo ámbito de atención á diversidade
- Coñecemento da lingua inglesa
- Coñecementos de TIC a nivel de usuaria/o
- Disposición para o traballo en equipo
- Capacidade para o compromiso social e ético

Prezo

Público, aprobado cada curso pola Consellería de Cultura Educación e Universidade.

Matrícula

Oferta total: 35 prazas

- Graduadas/os en Educación Primaria e Educación Infantil (12 prazas)
- Mestres/as especialistas en Educación Especial, Audición e Linguaxe, Educación Infantil, Educación Primaria, Linguas Estranxeiras e Educación Musical (6 prazas)
- Tituladas/os en Psicopedagogía, Psicoloxía e Pedagogía (4 prazas)
- Tituladas/os en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e Mestres/as en Educación Física (5 prazas)
- Profesoras/es de ensinanza secundaria, primaria e infantil en activo e xestores/as de centros ou entidades dedicados á atención de persoas con discapacidade (4 prazas)
- Estranxeiras/os alleos ao espazo europeo de educación superior (EEES) de titulación equivalente a Psicoloxía ou Psicopedagogía (2 prazas)
- Persoas con discapacidade (2 prazas)

Horarios

As clases presenciais do mestrado impartiranse as tardes dos mércores, xoves ou venres de 16.15 a 21.15 horas.

As prácticas externas realizaranse pola mañá no horario dos centros escolares que participan no prácticum.

Calidade

Este mestrado lévase impartindo desde o curso 2010/2011, con informes favorables da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Renovou a súa acreditación en 2016 e realizou unha modificación no plan de estudos en 2018 e unha nova acreditación en 2020.

Plan de estudos

O mestrado oferta un total de 69 créditos, dos cales cada estudante debe cursar 60 ECTS, distribuídos en dous cuatrimestres de 30 créditos cada un. Dos 60 créditos, 20 corresponden ao prácticum e 10 ao traballo de fin de mestrado (TFM), 24 a materias obrigatorias e os 6 restantes a materias optativas (que os e as estudantes deben elixir dunha oferta de 15 créditos).

Módulo I

	Cuat.	Tipo	ECTS
<i>Aspectos psicopedagóxicos da educación especial</i>			
Intervención en necesidades educativas do alumnado con discapacidade intelectual	1º	OB	3
Intervención en necesidades educativas do alumnado con discapacidade motriz	1º	OB	3
Intervención en necesidades educativas do alumnado con discapacidade sensorial	1º	OB	3
Intervención en necesidades educativas do alumnado derivadas do contexto sociocultural	1º	OB	3
Intervención en necesidades educativas do alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe	2º	OB	3
Altas capacidades: desenvolvemento do talento na aula	2º	OP	3

Módulo II

	Cuat	Tipo	ECTS
<i>Aspectos didácticos da inclusión educativa</i>			
Resposta organizativa do centro e servizos de apoio	1º	OB	3
Metodoloxías para a inclusión escolar	2º	OP	3
TIC aplicadas á educación inclusiva	2º	OP	3

Módulo III

	Cuat	Tipo	ECTS
<i>Deporte e discapacidade</i>			
O deporte como medio integrador	1º	OB	3
Iniciación deportiva para o alumnado con NEAE	2º	OP	3

Módulo IV

	Cuat	Tipo	ECTS
<i>Actividade física e discapacidade</i>			
Sistemas de avaliación e intervención en educación física para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)	1º	OB	3
Desenvolvemento psicomotor e discapacidade	2º	OP	3

Módulo V

	Cuat	Tipo	ECTS
Prácticum I	1º	OB	9
Prácticum II	2º	OB	11
Traballo de fin de mestrado	2º	OB	10

